

## **INVITACIÓN Á ORATORIA (2º Bach.)**

Esta asignatura ten como obxectivo básico mellorar a nosa capacidade para desenvolvernos na sociedade, xa que a oratoria é a ferramenta que utilizamos para relacionarnos cos demais, tanto no ámbito laboral e educativo como personal e individual. Os contidos da materia se centran, de modo moi xeral, nos catro bloques seguintes:

- inventio (busqueda dos materiais necesarios para falar dun tema -a elaboración do discurso-)
- dispositio (elección e estruturación de eses materiais)
- elocutio (textualización do discurso: traballar o que imos dicir a partir dos elementos elixidos)
- actio (posta en escea do discurso)

O traballo vai ser **fundamentalmente práctico**: poucos contidos conceptuais e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas fundamentais. Por suposto, traballaremos creando pequenas intervencións, pero a fase previa implica traballar dende o medo escénico e a nosa actitude ante o auditorio, ata a nosa capacidade de transmitir ben a mensaxe que temos preparada; e tamén, como crear unha mensaxe que pague a pena ser escoitada.

En definitiva, o obxectivo da asignatura é que consigades:

- Desenvolver destrezas como a comunicación oral e competencias sociais e cívicas, xa que o seu sentido é participar de modo eficaz na vida social e profesional.
- Fomentar o autoconñecemento e a autoestima de quen sabe facer escoitar a súa voz escoitando ós demais.
- Unha maior capacidade á hora de argumentar, mellorando tanto a expresión oral dos pensamentos como a composición de discursos que expresen coherentemente e de maneira clara o resultado do voso traballo de comprensión e reflexión sobre os temas que vos interesen.
- Usar a Oratoria como ferramenta para acadar unha maior madurez á hora de debater cos demais e de expresar quen es somos.